



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL, CON CARÁCTER TEMPORAL, DE TÉCNICO/A DE TURISMO

Sendo as 10 horas do día 14 de xuño de 2021, na Biblioteca Pública Municipal comparecen os membros do tribunal, nomeado na resolución da alcaldía núm. 350/2021 do 04-06-2021:

Presidenta: D^a. Lucía Mata Rodríguez, interventora do Concello de Ponteceso.
Secretario: D. Fernando Naya Abeleira, administrativo de Admón. Xeral do Concello de Ponteceso.
Vogais: D^a. M^a Teresa Loureiro Ventureira, funcionaria da Deputación da Coruña
D. Pablo Bouza Suárez, funcionario, xefe do Servizo de Cultura e Educación do Concello de Culleredo
D. Emilio Caínzos Quintás, técnico de Admón. Xeral do Concello de Ponteceso.

A presidenta declara constituído o tribunal, e procédese a elaboración do cuestionario tipo test que conformará o exercicio tipo test, 1^a fase oposición, 40 preguntas e cinco de reserva, consonte ás bases aprobadas na resolución da alcaldía núm. 253/2021, do 28-04-2021.

Sendo as 11 horas comeza o chamamento dos candidatos admitidos/as segundo a resolución núm. 360/2021, do 10-06-2021 de aprobación definitiva da listaxe de admitidos e excluídos/as:

1ª FASE: OPOSICIÓN			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADOS
1	ALONSO RODRIGUEZ PAULA	***7648**	Si
2	CASAS TRILLO M ^a VANESSA	***1320**	Si
3	LÓPEZ OTEYZA GENS CIBRAO	***1893**	NON
4	MOURO BARREIRO MARLENE	***0880**	Si
5	PARDIÑAS FERNÁNDEZ M ^a NIEVES	***9639**	Si
6	SUÁREZ BORRAZÁS ANA ISABEL	***6056**	NON
7	VARELA MONTES ANA M ^a	***7205**	NON

Os non presentados exclúense do proceso selectivo.

Sendo as 11.00 comeza a proba tipo test composta de 40 preguntas con catro respostas alternativas, e cinco de reserva. O tempo para a realización da proba será de 40 minutos.

Rematada a proba, o tribunal corrixe os exercicios, consonte á base VIII, acordando anular a pregunta 20 e no seu lugar puntuarase a primeira pregunta reserva, outorgando as seguintes puntuacións:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

1ª FASE: OPOSICIÓN			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	ALONSO RODRIGUEZ PAULA	***7648**	12,00
2	CASAI TRILLO Mª VANESSA	***1320**	11,60
3	MOURO BARREIRO MARLENE	***0880**	8,00
4	PARDIÑAS FERNÁNDEZ Mª NIEVES	***9639**	14,80

Consonte á base VIII, o tribunal acorda que aqueles aspirantes que obtiveron unha nota mínima de 8 puntos pasarán á seguinte fase.

Rematada a 1ª fase, oposición, o tribunal acorda:

1º.- Cualificar ás aspirantes admitidas e presentadas na 1ª fase oposición coas seguintes puntuacións:

1ª FASE: OPOSICIÓN			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	ALONSO RODRIGUEZ PAULA	***7648**	12,00
2	CASAI TRILLO Mª VANESSA	***1320**	11,60
3	MOURO BARREIRO MARLENE	***0880**	8,00
4	PARDIÑAS FERNÁNDEZ Mª NIEVES	***9639**	14,80

2º.- Convocar ás aspirantes que superaron o primeiro exercicio da 1ª fase á realización do segundo exercicio, que se celebrará o día 16 de xuño, ás 10.00 horas no Salón de Sesións da Casa do Concello de Ponteceso.

3º.- Rematado o segundo exercicio da 1ª fase procederase a valoración da fase concurso, 2ª fase.

4º.- Publicar a acta na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

Sendo as 12.05 horas a presidenta remata a reunión do tribunal, redactándose a presente acta que asinan todos/as os/as membros.

Ponteceso, 14 de xuño de 2021.

Polo tribunal:

A presidenta

O secretario

Os/as vogais:



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

PLANTILLA RESPUESTAS

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN, POR OPOSICIÓN-CONCURSO , DE PERSOAL PARA A FORMACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICOS/AS DE TURISMO, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

1.- España constitúese nun Estado:

- A) Social de Dereito
- B) Democrático de Dereito
- C) Social e democrático de Dereito**
- D) Plural e democrático de Dereito

2.- ¿De qué data é o Estatuto de Autonomía de Galicia?:

- A) 14 de marzo de 1983
- B) 1 de novembro de 1992
- C) 6 de abril de 1981**
- D) 24 de abril de 1982

3.- Os actos administrativos que diten as Administracións Públicas:

- A) a instancia do interesado, produciranse polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido
- B) de oficio, produciranse polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido
- C) de oficio ou a instancia do interesado, produciranse polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido**
- D) ningunha é correcta

4.- Os procedementos inicianse de oficio por acordo do órgano competente:

- A) por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior
- B) a petición razoada doutros órganos
- C) por denuncia
- D) todas son correctas**

5.- Serán causas de inadmisión do recurso as seguintes (sinala a incorrecta):

- A) ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencera á mesma Administración Pública**
- B) carecer de lexitimación o recurrente
- C) tratarse dun acto non susceptible de recurso ou transcourir o prazo para a súa interposición
- D) carecer o recurso manifestamente de fundamento

6.- A creación ou supresión de Municipios se regula pola lexislación:

- A) Do Estado.
- B) Das Comunidades Autónomas.**
- C) Básica do Estado
- D) Orgánica do Estado



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

7.- A alteración de termos municipais, pode supoñer a modificación dos límites provinciais?

a) Non, prohíbeo a LRBRL.

b) Si, se o autoriza a Comunidade Autónoma de que se trate.

c) Si, pero requírese unha lei ordinaria estatal que o autorice.

d) Si, pero requírese unha lei orgánica que o autorice.

8.- Sinale a afirmación Incorrecta. O Alcalde é o Presidente da Corporación e ostenta as seguintes atribucións:

A)dirixir o goberno e a administración municipal.

B)representar ao concello.

C)ditar bandos e ordenanzas.

D)as aprobacións dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

9.- A Xunta de Goberno Local estará integrada por:

A)o Alcalde, un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos e o Interventor.

B)o Alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos

C)o Alcalde, un número de concelleiros non superior ao cuarto do número legal dos mesmos e o Secretario.

D)o Alcalde, un número de concelleiros non superior ao cuarto do número legal dos mesmos e o Interventor.

10.- Quen aproba as ordenanzas?:

A)o Alcalde.

B)o Pleno.

C)o Delegado do ramo.

D)o Alcalde e o Xefe da oposición conxuntamente.

11.- O Camiño dos Faros é unha ruta de sendeirismo de 200 kilómetros que une Malpica con Fisterra polo bordo do mar. Cal destas etapas non pertence a esta ruta?

A) Malpica-Niñóns (21,3 Km)

B) Niñóns-Corme (27,1 Km)

C) Ponteceso-Laxe(25,3 Km)

D) Laxe-Arou (18,0 Km)

12.- A Pedra da Serpe é un monumento único de suma importancia. Tratase dunha rocha de granito co relevo dunha serpe, sobre a que se cravou unha cruz. ¿En qué lugar do concello de Ponteceso está situado este monumento arqueolóxico?

A) Froxán



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

B) Gondomil

C) Brantuas

D) Xornes

13.- O Museo Etnolóxico de Galicia, o Melga de Ponteceso, pertence en calidade de socio fundador á:

A) Federación Nacional de Museos Lúdicos

B) Asociación Internacional de Ludotecas

C) Rede Internacional de Museos do Xogo. Rimusgo

D) Todas as respostas son correctas

14.- O Almirante Mourelle de la Rúa, sen dúbida unha das figuras máis ilustres da navegación de toda historia naval española era orixinario dunha parroquia de Ponteceso. Sinala a resposta correcta.

A) Corme Aldea

B) Cospindo

C) Pazos

D) Tallo

15.- De qué artista alberga toda a súa colección pictórica o Museo de Arte Contemporáneo da Costa da Morte situado na parroquia de Corme:

A) Julio Pujales Rivas

B) Manuel Facal

C) Jesús Núñez

D) Antón Pulido Novoa

16.- Un dos personaxes máis ilustres nados en Ponteceso é, sen dúbida, o bardo Eduardo María González-Pondal y Abente, por qué poema pasaría a quedar vencellado por sempre á historia de Galicia:

a) Os Eoas

b) Os Pinos



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

- c) Queixumes dos Pinos
- d) Cantares Galegos

17.- Cal destes roteiros está ubicado no Concello de Ponteceso:

- A) Camiño da Ribeira: Do Río Anllóns ao mar de Corme
- B) Roteiro Val Nativo
- C) Ruta do Río Anllóns
- D) Todas as respostas son correctas**

18.- Cal destas praias non está situada no Concello de Ponteceso?

- A) Praia da Ermida
- B) Prais de Osmo
- C) Praia de balarés
- D) Praia de Canido**

19.- Cal destas igrexas non forma parte do patrimonio histórico artístico do concello de Ponteceso

- A) Igrexa de Santo Tomé de Nemeño
- B) Igrexia de San Fíns de Anllóns
- C) Igrexia de San Martiño de Cores
- D) Igrexa de Santiago de Mens**

ANULADA 20.- A parroquia de Cores é rica en monumentos arqueolóxicos como demostra o inventario realizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia que indica a presenza de varios xacementos. Indique cales son :

- a) Castro da Coteleira,
- b) Castro de Cores
- c) Mámoa dos Torrados.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

c) Todas as respostas son correctas

21.- Dos eventos festivos que se celebran no Concello de Ponteceso , Cal dos que se relacionan de seguido ten o nomeamento outorgado polo Consello da Xunta de Galicia de “Festa de Galicia de interese turístico”,?

- a) Festa do percebe do Roncudo
- b) Feira Mariñeira Artesá de Corme
- c) Festas da Barquiña en Ponteceso
- d) Entroido Mariñeiro. Festa dos Follados de Corme

22.-En qué parroquia do concello de Ponteceso se atopan as Fervenzas da Saímia?

- a) En San Fins de Anllóns
- b) San Martiño de Cores
- c) San Tomé de Nemeño
- d) En ningunha das anteriores

23.- O roteiro Refuxio de Verdes-Ponteceso a través dun dos espazos naturais máis salientables de toda a comarca: o río Anllóns, incluído na Rede Natura e declarado como Lugar de Importancia Comunitaria,percorre os municipios de :

- a) Laxe-Ponteceso
- b) Coristanco-Ponteceso
- d) Vimianzo-Ponteceso
- e) Malpica-Ponteceso

24.- Cales destes concellos non forman parte da CMAT (Costa da Morte Asociación de Turismo) ?

- a) Laxe-Muxía
- b) Malpica- Zas
- c) Ponteceso- Mazaricos



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

d) Arteixo-Muros

25.-Na aldea do Couto en Ponteceso, de apenas un cento de habitantes, celébrase desde hai case 40 anos, unha das citas literarias e musicais máis importantes de Galicia. Cómo se denomina este acontecemento?

a) O Festiletras

- b) A ruta Pondaliana
- c) As Festas da Barquiña
- d) O correlíngua

26.-Segundo os historiadores, o topónimo de Ponteceso é debido a antiga existencia dunha ponte sobre o río Anllóns. En qué século se construíu a ponte actual de cinco arcos?

- a) Século XVIII
- b) Século XIX**
- c) Século XX
- d) Século XVII

27.-No dereito de formular queixas e reclamacións as empresas turísticas están obrigadas a:

- A). Ter nos seus establecementos follas de reclamacións facilitadas pola Deputación da Coruña.
- B) Ter nos seus establecementos follas de reclamacións facilitadas pola administración da Xunta de Galicia.**
- C) Non están obrigadas a ter follas de reclamacións.
- D) Ter nos seus establecementos follas de reclamacións facilitadas polo concello.

28.- Nas campañas de promoción impulsadas polas entidades locais galegas:

- A) a Administración da Xunta de Galicia sempre declarará obrigatoria a inclusión do nome «Galicia».
- B) a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar obrigatoria a inclusión do nome «Galicia».**
- C) a Administración da Xunta de Galicia nunca declarará obrigatoria a inclusión do nome «Galicia».
- D) a Administración da Xunta de Galicia sempre declarará obrigatoria a inclusión do nome «Turismo de Galicia».



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

29.-A Administración da Xunta de Galicia velará por unha elevación da calidade dos servizos, que se concretará coas seguintes accións. Sinala cal é a incorrecta.

- A) Corrixir as deficiencias da infraestrutura, instalacións e equipamentos turísticos.
- B) Conseguir un trato axeitado na prestación dos servizos turísticos.
- C) Facilitar unha maior profesionalización das persoas que traballen no sector, así como o seu acceso a unha formación continua.
- D) Non apoiar en ningún caso a difusión de distintivos.**

30.-Segundo a lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia, que son empresas turísticas?

- A) As que, de maneira habitual e profesional, prestan servizos, mediante contraprestación económica, no ámbito da actividade turística de aloxamento, restauración e intermediación ou en relación con calquera outro tipo de servizos que puideran ser calificados como turísticos pola Administración autonómica.**
- B) As que, de maneira puntual, prestan servizos, mediante contraprestación económica, no ámbito da actividade turística de aloxamento, restauración e intermediación ou en relación con calquera outro tipo de servizos que puideran ser calificados como turísticos pola Administración do Estado.
- C) As que, de maneira habitual e profesional, prestan servizos, mediante contraprestación económica, no ámbito de calquera actividade.
- D) Ningunha das anteriores.

31.-Cal das seguintes entidades non son obxecto de inscrición no REAT?

- A) As empresas e establecementos de intermediación turística.
- B) As guías e os guías de turismo.
- C) As asociacións e fundacións sexa cal sexa o seu obxectivo.**
- D) As oficinas de turismo.

32.-Que oficinas de turismo están dentro da Rede Galega de Oficinas de Turismo?

- A) Aquelas dependencias abertas ao público en xeral en que, de maneira habitual e profesional, se facilite orientación, asistencia e información turística.**
- B) Aquelas dependencias abertas ao público en xeral en que, de maneira temporal e profesional, se facilite orientación, asistencia e información.
- C) Todas aqueles puntos de información da Comunidade Autónoma.
- D) Todas as oficinas de rexistro dos concellos.

33.-Quen pode definir e crear denominacións de xeodestinos turísticos?

- A) A presidencia da Xunta de Galicia.
- B) A consellería competente en materia de turismo.**
- C) Os concellos que os conforman.
- D) O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

34.- Quen son os responsables administrativamente das infraccións en materia de turismo?

- A) Todas as empresas que realicen actividades comprendidas no ámbito de aplicación da presente lei ás que sexan imputables as accións ou omisións tipificadas na mesma como infraccións.
- B) As persoas físicas e xurídicas que realicen actividades comprendidas no ámbito de aplicación da presente lei ás que sexan imputables as accións ou omisións tipificadas na mesma como infraccións.
- C) Non hai responsables administrativos, só penais.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

35.- En canto aos costumes e ás tradicións galegas que deben facer as actividades turísticas?

- A) Nada.
- B) Traballar con elas.
- C) Respectalas, conservalas e difundilas.
- D) Non aparece este concepto na lei.

36.- O plan de organización turística de Galicia (sinala a incorrecta)

- A) A elaboración do plan levarase a cabo en colaboración coas administracións competentes en materia de turismo.
- B) Establece as áreas turísticas nas que se estruturará o territorio da Comunidade Autónoma.
- C) Non estará suxeito a revisión.
- D) Contará co informe preceptivo do Consello de Turismo de Galicia.

37.- A solicitude para iniciar o procedemento de declaración dun municipio turístico deberá ser formulada polo alcalde

- A) Previo acordo da Comisión Permanente do Concello, adoptado por maioría absoluta dos seus membros
- B) Previo acordo plenario do Concello adoptado por maioría simple
- C) Previo acordo plenario do Concello adoptado por maioría de dous terzos do número de membros da Corporación
- D) Previo acordo plenario do Concello adoptado por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación

38.- Sinala a resposta correcta. Segundo o disposto no artigo 82 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, son empresas de intermediación...

- A) As axencias de viaxe e as centrais de reservas



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

- B) Aquelas que interveñen na mediación de conflitos entre os usuarios e as empresas
- C) As axencias de viaxe unicamente
- D) Ningunha resposta é correcta

39.-Coa elaboración e desenvolvemento dunha ruta turística, o que se pretende é:

- A) A conversión do patrimonio dun territorio nun produto turístico
- B) A utilización dun recurso turístico desde o punto de vista empresarial en exclusividade
- C) Desenvolver a nivel ambiental un territorio
- D) Todas as respostas son correctas

40.-A costa noroeste de Galicia abarca dous ambientes contrastados:

- A) Golfo Ártabro e a Costa da Morte
- B) Golfo Ártabro e o Salnés
- C) A Costa da Morte e a Mariña Lucense
- D) A Costa da Morte e o Morrazo

PREGUNTAS DE RESERVA:

1.- A Xunta de Galicia poderá declarar municipios turísticos a aqueles que cumpran , entre outros , o seguinte requisito:

- A) Que o promedio ponderado anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños.
- B) Que o promedio ponderado anual de poboación turística sexa superior ao 35% do número de veciños.
- C) Que o promedio ponderado anual de poboación turística sexa superior ao 15% do número de veciños.
- D) Que o promedio ponderado anual de poboación turística sexa superior ao 50% do



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Pontevedra (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@pontevedra.gal
www.pontevedra.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

número de veciños.

2.- A Rede Galega de Oficinas de Turismo estará integrada por :

A) As oficinas de turismo de titularidade da Xunta de Galicia e aquelas outras de titularidade maioritariamente pública que voluntariamente se integren na mesma.

B) As oficinas de turismo de titularidade municipal e aquelas outras de titularidade maioritariamente pública que voluntariamente se integren na mesma.

C) As oficinas de turismo de titularidade municipal e aquelas outras de titularidade privada que voluntariamente se integren na mesma.

D) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

3.- Sen prexuízo dos servizos mínimos que, con arreglo á lexislación reguladora do réxime local, teñan que prestar os municipios e das competencias que correspondan a outras administracións públicas, os concellos turísticos teñen que prestar os seguintes servizos:

A) O servizo bibliotecarios e de animación lectora.

B) O servizo de ludoteca en zonas de alta densidade poboacional.

C) A posta a disposición das usuarias e dos usuarios turísticos dun servizo de acceso a internet, de utilización momentánea, na oficina de información turística ou en outros puntos de consulta abertos ao público.

D) Os servizos de hostelería en praias e zonas recreativas

4.- Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan:

A) Da Constitución, do Rei e das Cortes Xerais

B) Do seu Presidente, do seu Parlamento e do seu Goberno

C) Da Constitución, do seu Estatuto de Autonomía e do pobo.

D) Ningunha das respostas anteriores é correcta

5.- Salvo no caso de que na norma correspondente fíxese prazo distinto, os trámites que deban ser cumprimentados polos interesados deberán realizarse no prazo de:

A) 5 días a partir do día da notificación do correspondente acto

B) 10 días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto

C) 5 días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto

D) 10 días a partir do día da notificación do correspondente acto